

## INCORPORACIÓN AO TRABALLO DOS/DAS VIXILANTES FORESTAIS



TODO o persoal que desempeñamos a nosa actividade profesional en Torretas ou Casetas de Vixilancia Forestal debemos:

- Tanto ao comezo da garda como á súa finalización, coas mans hixienizadas (ben sexa cun xel hidroalcohólico, peróxido de hidróxeno ao 1% ou lavándonos con auga e xabón durante polo menos 1 min.) e despois de ventilar, realizar a limpeza e a desinfección do habitáculo e das varandas da Torreta ou do interior da Caseta e das varandas do balcón (se o tivese), así como, de todas aquelas superficies obxecto de manipulación durante o servizo: pomos, xanelas, mesas, cadeiras, chans, etc. facendo fincapé nas botoneiras e nos micros das emisoras e en todo aquel material e equipamento que fose usado durante a xornada de traballo (prismáticos, portófono, mapas, estación meteorolóxica...).
- A hixienización dos puntos de Vixilancia Forestal levarémola a cabo con vasoiras, fregonas, panos e toallíñas desbotables, usando:
  - peróxido de hidróxeno (concentrado de auga osixenada ao 1%),
  - solución alcohólica ao 70%,
  - outros produtos comerciais con especificacións concretas de eficacia fronte a virus
  - con hipoclorito de sodio (lixivia) para os chans, ao 0,15%
  - e/ou con auga e xabón.

<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>

ESTE PROTOCOLO PODERÁ SER OBXECTO DE VARIACIÓNS A MEDIDA QUE RECIBAMOS NOVAS INSTRUCIÓNS

**Hixienizaremos os Puntos de Vixilancia seguindo estas pautas:**

1. O primeiro que temos que facer ao entrar no noso lugar de traballo é abrir portas e xanelas para que se ventile a estancia.



2. A continuación, lavámonos as mans con auga e xabón durante polo menos 1 min. ou nolas desinfectamos cun xel hidroalcohólico ou con peróxido de hidróxeno ao 1%.



3. Poñémonos unhas luvas de nitrilo e varremos o chan.



4. Pechamos as xanelas e as portas.



5. Con produtos adecuados e panos e/ou material desbotable

<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>



desinfectaremos: mesas, cadeiras, xanelas, pomos, varandas... facendo especial fincapé en:



a emisora (con especial atención nas botoneiras e no micro)



portáfonos



prismáticos



estación meteorolóxica



mapas

6. Fregamos o chan.



7. Deixamos actuar durante 10 min. con todo pechado.



8. Volvemos abrir para ventilar durante 2 min. (aprox.).



9. Tiramos as luvas e o material desbotable ao contedor adecuado.



10. Empezamos a garda.

